

CONCELLO DE
SANTIAGO



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E SIONLLA BIOTECH SL PARA O ANO 2022.

Dunha parte, D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra, D. José Fernández Alborés, que actúa en nome e representación da empresa SIONLLA BIOTECH SL con CIF B01827468, e con domicilio en VIA EDISON NUM 1 Complem. POLIGONO INDUSTRIAL DEL TAMBRE 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA (CORUÑA, A).

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto


EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, “Xeral de Subvencións” e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Con data de 16 de xaneiro de 2017 asínase no marco do programa Compostela Móvese o “Acordo de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o Concello de Santiago de Compostela, a Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación Área Empresarial do Tambre e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela para a reindustrialización empresarial e a promoción do asentamento de empresas e captación de proxectos de investimento”.
- III. Este acordo ten como finalidade mellorar a coordinación entre os principais axentes do tecido económico que operan no Concello de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no propio acordo que desenvolven, á súa vez, os xa enunciados para o programa Compostela Móvese na súa creación no ano 2015.
- IV. Con data de 4 de marzo de 2020 o Concello de Santiago en relación coa candidatura promovida pola Asociación Área Empresarial do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (UNINOVA), no marco das axudas do “Programa de centros de fabricación avanzada” do Instituto Galego de Promoción Económica da Xunta de Galicia (no sucesivo IGAPE), emite unha carta de apoio ao proxecto “CENTRO DE SERVICIOS INNOVADORES PARA EMPRESAS BIOTECNOLÓGICAS (POLO DE INNOVACION EN BIOTECNOLOGÍA-CSIEB)” na súa candidatura ás axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa de centros de fabricación avanzada), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020”, denominado no expediente

Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



do IGAPE proxecto “SIONLLA BIOTECH”, figurando como titular do mesmo SIONLLA BIOTECH, S.L..

O obxecto do proxecto –segundo a Resolución do Director Xeral do IGAPE do 21 de outubro de 2020– consiste no *“Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB) o que suporá a construción dunha infraestrutura de 2500m², localizada no parque empresarial de A Sionlla en Santiago de Compostela, con instalacións dotadas con todos os requirimentos técnicos necesarios e o equipamento máis avanzado para prover de servizos a empresas biotecnolóxicas e institucións que queiran facer usos dos mesmos en réxime de autoservicio. e realizarase en SANTIAGO DE COMPOSTELA, provincia de A CORUÑA”*.

O Concello na dita carta de apoio manifestou que coñece os obxectivos e fins do proxecto denominado *“Biopolo”* promovido pola Área Empresarial do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e UNINOVA S.L.. e adhiérese ao mesmo movido polo interese de que exista en Galicia, máis concretamente no Parque Empresarial da Sionlla en Santiago de Compostela, un espazo de servizos a empresas que actúe como elemento dinamizador do Polo de Innovación en Biotecnoloxía no que empresas do sector biotecnolóxico poidan desenvolver a súa actividade nunha contorna *“bussiness friendly”* que fará de Santiago de Compostela un referente nacional e internacional para o establecemento de compañías de alta tecnoloxía, atraendo novos investimentos e empresas líderes do sector biotecnolóxico que farán de vectores para o desenvolvemento económico e a creación de emprego.

- V. Con data de 16 de marzo de 2020 procédese a sinatura da *“Acta de Cumprimento, ratificación e compromiso do Acordo da Sionlla”* polo Concello de Santiago, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Economía Emprego e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela e a Asociación Área Empresarial do Tambre na que as institucións asinantes acordan *“impulsar a apoiar política e institucionalmente a creación dun Polo de Innovación en Biotecnoloxía no Parque Empresarial da Sionlla de Santiago de Compostela”*.
- VI. Con data de 31 de maio de 2021 o Pleno da Corporación do Concello de Santiago acorda a *“Declaración de interese xeral municipal do proxecto CENTROS DE SERVICIOS INNOVADORES PARA EMPRESAS BIOTECNOLÓXICAS (CSIEB) promovido por SIONLLA BIOTECH S.L.*


VII.A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, no seu artigo 21 establece a posibilidade de que as administracións públicas competentes e as entidades de xestión de áreas empresariais subscriban convenios de colaboración *“para conservar ou mellorar as infraestruturas, os equipamentos, as dotacións e os servizos dos que dispoñan aquelas”*.

VIII. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico

**Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.

IX. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración coa empresa **SIONLLA BIOTECH SL** obxecto deste convenio, , estará ao previsto nas Bases de Execución de Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 e ao establecido no anexo ao estado de gastos dos capítulos IV e VII que forma parte do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2022, achegará a cantidade de cincuenta mil euros- 300.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 77000 01 B01827468 Sionlla Biotech, SL. do orzamento municipal para o ano 2022.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

I. Que a empresa SIONLLA BIOTECH SL é a promotora do proxecto do Centro de Servicios Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas ten a súa orixe no Acordo da Sionlla do que forman parte a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Economía, Empresa e Innovación e a de MedioAmbiente, Territorio e Vivenda, o Concello de Santiago de Compostela, a Universidade de Santiago de Compostela, a Cámara de Comercio de Santiago e a Asociación Área Empresarial do Tambre.

Os traballos e acordos da Mesa de A Sionlla estableceron un modelo de cooperación público-privado único no noso territorio que permitiu desenvolver varios proxectos ó longo destes anos encamiñados a fomentar a industrialización de Santiago de Compostela, especialmente no eido da biotecnoloxía e a madeira, logo da identificación destes dous sectores como de interese estratéxico para a cidade.

Neste senso, coma fitos na posta en marcha desta nova infraestrutura que permitirá a fixación de empresas biotecnolóxicas nadas dos proxectos de investigación que se poñen en marcha na USC, pero tamén a captación de inversión exterior a través da atracción de proxectos empresariais ao Biopolo que se está a deseñar podemos sinalar os seguintes:

- 4 de Agosto de 2020 constitúese a empresa Sionlla Biotech, S.L. para a solicitude dunha axuda ao IGAPE ao abeiro da convocatoria para a posta en marcha de Centros de Fabricación Avanzada e a xestión da infraestrutura obxecto de dicha axuda, sendo a composición do capital a seguinte:
 - Asociación Área Empresarial do Tambre: 76%
 - Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (UNINOVA): 14%

**Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.**


Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org

- Cámara de Comercio, Industria, Servicios y Navegación de Santiago de Compostela: 10%
- O 11 de xuño de 2021, Sionlla Biotech, S.L. solicita a concesión demanial da porción da parcela EQ-2 do Parque Empresarial de A Sionlla para o proxecto Centro de Servicios Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas, que se formalizou o 25 de outubro do mesmo ano, por un período de 25 anos prorrogables por mutuo acordo previa solicitude e inscribiéndose no Rexistro da Propiedade o 27 de xaneiro de 2022 con número de asento/diario 1308/142
- Con data 4 de agosto de 2021 notificase a concesión por parte do Concello de Santiago de Compostela a SIONLLA BIOTECH, S.L. a concesión de Licenza de Obras de do CSIEB segundo acordo, en sesión ordinaria, da Xunta de Goberno Local, celebrada o 2 de agosto de 2021.

Avanzada a obra e vistas as recomendacións do Comité Asesor, empresas e institucións que colaboran no proxecto, así coma tendo en conta as necesidades financeiras e económicas que provocaron un incremento nos custes de materiais e instalacións, faise necesario mellorar o equipamento e dotar de infraestruturas que permitan un uso colaborativo das instalacións, dotalas de sistemas de seguridade adecuados ao nivel que van precisar as empresas usuarias, mellorar a eficiencia enerxética da infraestrutura e asegurar un nivel de subministro enerxético que garanta una adecuada conservación dos activos das empresas e o uso óptimo das tecnoloxías de comunicación.

- I. Que o Concello de Santiago de Compostela ten como un dos seus obxectivos, o fomento da actividade industrial no termo municipal a través da realización de diferentes accións encamiñadas á captación de investimentos e mellora e crecemento das empresas xa existentes, que permitan acadar, un desenvolvemento sostible da rexión.
- II. Que na situación de paralización da actividade económica provocada polo Decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, foi preciso establecer mecanismos nos que, de xeito coordinado se articule o proceso de reactivación económica da actividade local aprobándose con data 13 de xuño de 2022 o programa Compostela Móvese 2022 no que se recolle como obxectivo "Impulsar medidas de reactivación económica a corto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso o novo espazo económico que se abre trala crise económica derivada da emerxencia sanitaria provocada polo COVID19." E como obxectivos específicos do Pacto da Sionlla os seguintes:
 - Impulsar e apoiar política e institucionalmente a creación dun Polo de Innovación en Biotecnoloxía no Parque Empresarial da Sionlla de Santiago de Compostela.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**




- Visibilizar a nivel autonómico, nacional e internacional o Polo de Innovación en Biotecnoloxía para facer de Santiago de Compostela e de Galicia un referente no sector.
 - Estudar e artellar incentivos que supoñan un solo empresarial bonificado ou en dereito de superficie para empresas que queiran desenvolver a súa actividade no Polo de Innovación en Biotecnoloxía.
 - Facilitar a concesión de bonificacións e exencións fiscais que faciliten a localización de empresas e persoas emprendedoras no Polo de Innovación en Biotecnoloxía e que se enmarcarían na habilitación que ten o Concello de Santiago de Compostela como “Concello Doing Business Galicia – Concello Emprendedor” que se certificou con data de 20 de Xaneiro de 2021.
 - Avaliar a posibilidade de simplificar os trámites administrativos que axilicen os procesos derivados da localización de novas empresas no Polo de Innovación en Biotecnoloxía.
 - Analizar a concesión axudas específicas para a implantación de empresas biotecnolóxicas, incluíndo aquelas destinadas á captación de talento e a súa contratación nas entidades e compañías localizadas no Polo de Innovación en Biotecnoloxía,
 - Favorecer a creación dunha estrutura comercial que posibilite a atracción de investidores e empresas biotecnolóxicas ó Polo de Innovación en Biotecnoloxía, que exerza de ventanilla única para a promoción, prospección e acompañamento de novos proxectos empresariais.
 - Artellar as medidas necesarias para que a conectividade, infraestrutura e loxística sexan as adecuadas para un correcto desenvolvemento da actividade empresarial no Polo de Innovación en Biotecnoloxía.
 - Seguir traballando para ampliar as actuacións do sector da madeira nesta iniciativa, outro dos obxectivos do Acordo da Sionlla para a re industrialización de Santiago de Compostela.
- III. Que é interese das institucións comparecentes, en base ao anterior executar as partidas de investimento sinaladas no punto 3º deste convenio, , a través dun convenio co Concello de Santiago de Compostela
- IV. Que a empresa SIONLLA BIOTECH S:L: dispón de competencia, metodoloxía, equipo técnico e rede de contactos precisos para acometer os investimentos obxecto deste convenio, e que ditos investimentos non poderían ser postos disposición do tecido empresarial de Santiago de Compostela polo Concello de Santiago con recursos propios para a consecución dos fins expostos sen incorrer nun custe moito máis elevado.
- V. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a realización das labores obxecto do convenio co consecuente beneficio para toda a cidadanía do Concello de Santiago, considerando que é positivo para a promoción da actividade industrial na cidade, de acordo cos obxectivos marcados no programa Compostela Móvese 2022 e cos marcado anteriormente no Pacto pola reindustrialización de Compostela. En consecuencia,

**Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



CONVEÑEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que a empresa SIONLLA BIOTECH SL Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela realice durante o ano 2022 as os seguintes investimentos no *CENTRO DE SERVIZOS INNOVADORES PARA EMPRESAS BIOTECNOLÓXICAS*:

<i>DESCRICIÓN</i>	<i>ORZAMENTO</i>
<i>Equipamento zonas coworking, salas de reunión e xestión: mobiliario e servizos de apoio software</i>	<i>55.756,00 €</i>
<i>Equipamento informático, de videoconferencia e sinalización</i>	<i>15.250,00 €</i>
<i>Equipamentos para a mellora de subministro enerxético e sistemas de alimentación ininterrompida.</i>	<i>86.943,00 €</i>
<i>Sistema de control de accesos, alarma anti-intrusión e videovixilancia</i>	<i>43.000,00 €</i>
<i>Equipamento para a mellora enerxética</i>	<i>46.985,00 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>247.934,00 €</i>
<i>I.V.E.</i>	<i>52.066,00 €</i>
<i>TOTAL ORZAMENTO</i>	<i>300.000,00 €</i>

- *O importe exacto das distintas partidas pode variar en función das distintas contratacións de cada unha delas. De non ser posible a xustificación da totalidade do orzamentos dunha liña por este motivo, admitirase a xustificación do resto con cargo ao resto de partidas descritas neste convenio. A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola entidade*


2º.- A empresa SIONLLA BIOTECH S.L.presenta para que forme parte deste convenio a seguinte documentación:

- Certificación da empresa SIONLLA BIOTECH SL asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos previstos para o ano 2022 obxecto de subvención.
- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago.
- Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma.
- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



- Estatutos da entidade
- Copia compulsada do CIF da Entidade.
- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a Asociación Área Empresarial do Tambre como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

3º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2022 á empresa SIONLLA BIOTECH SL coa cantidade de 3000.000,00-EUROS con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 XXXXXX dos orzamentos municipais para o ano 2022, destinados a colaborar no financiamento dos investimentos reseñados no punto 1º deste convenio.

3.1.- Estes 300.000,00-€, a efectos de xustificación estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2022:

DESCRICIÓN	ORZAMENTO
<i>Equipamento zonas coworking, salas de reunión e xestión: mobiliario e servizos de apoio software</i>	55.756,00 €
<i>Equipamento informático, de videoconferencia e sinalización</i>	15.250,00 €
<i>Equipamentos para a mellora de subministro enerxético e sistemas de alimentación ininterrompida.</i>	86.943,00 €
<i>Sistema de control de accesos, alarma anti-intrusión e videovixilancia</i>	43.000,00 €
<i>Equipamento para a mellora enerxética</i>	46.985,00 €
TOTAL	247.934,00 €
I.V.E.	52.066,00 €
TOTAL ORZAMENTO	300.000,00 €

- *O importe exacto das distintas partidas pode variar en función das distintas contratacións de cada unha delas. De non ser posible a xustificación da totalidade do orzamentos dunha liña por este motivo, admitirase a xustificación do resto con cargo ao resto de partidas descritas neste convenio. A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola entidade*


A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de investimentos presentado pola empresa SIONLLA BIOTECH SL para o ano 2022.

4º.- SIONLLA BIOTECH SL comprométese, en virtude deste convenio a publicitar a colaboración do Concello de Santiago, na súa páxina web e en toda a documentación xerada como memorias de actividades, nota de prensas, convocatorias de programas, publicidade dos servizos, afectados polos investimentos enunciados no punto 1º do convenio.

Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



5º.- O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención. Procederá a minoración do importe cando o orzamento executado teña un custe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.. O prazo de xustificación rematará o 31 de xaneiro de 2023.

Para facer efectivo o pago é condición necesaria que SIONLLA BIOTECH SL presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **como data límite a indicada no parágrafo anterior**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:


5.1.- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto do presente convenio (ANEXO I).

5.2.- Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (ANEXO II). Deberá xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das accións, así como unha mostra dos medios de difusión utilizados. Ademais indicarse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública, e de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social. En caso de que se elabore e/ou reparta algún tipo de material financiado con este convenio, deberá obter o visto bo do Concello de Santiago, tanto o deseño e contido como os criterios de reparto, e, posteriormente, deberá facerse entrega de polo menos dous exemplares ao Concello de Santiago.

5.3.- Relación detallada de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes, outras administracións, entes públicos ou privados para a mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola persoa representante legal da entidade (ANEXO I). No suposto que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá detallarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co ANEXO III. En ningún caso a contía da subvención só ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar a totalidade do custo da actividade/programa subvencionada ao albor deste convenio.

5.4.- Relación detalla das facturas (na que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/ representante legal da entidade segundo o ANEXO III, desagregadas por conceptos segundo o orzamento presentado pola entidade.

6º.- O prazo de vixencia deste convenio establécese dende o momento da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2023. Serán subvencionables os gastos executados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



7º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

8º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.


9º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar SIONLLA BIOTECH SL, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

10º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta da empresa SIONLLA BIOTECH SL indicado na certificación bancaria aportada pola entidade.

11º As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e ao Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

12º Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



13º O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, segundo o sinalado no seu art. 6 sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico do CX34 Promoción Económica e da empresa SIONLLA BIOTECH SL). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, na data indicada nas sinaturas dixitais

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola empresa SIONLLA BIOTECH SL

Asdo.: Xosé Sánchez Bugallo

D. José Fernández Alborés

ALCALDE


Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.

Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



ANEXO I DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

LOCALIDADE

CORREO ELECTRÓNICO

ENDEREZO

TELÉFONO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

1. Que a Entidade/Asociación _____ ten cumprido co obxecto do convenio asinado co Concello de Santiago no ano 2022, para o desenvolvemento _____ da Actividade/Programa/Proxecto _____, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

2. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.
3. Que esta Entidade cumpre con todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria dunha subvención e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición á que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola que se aproba o seu regulamento e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Esta Entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nin co Concello de Santiago de Compostela.

E a tal efecto, **Presento:**

- Certificado de Situación de cotización da Tesourería xeral da Seguridade Social.**


Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.

Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



- Certificado da Delegación Especial de Galicia da Axencia Tributaria.
- Certificado da Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.
- Certificado da Tesourería do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

5. A Entidade está de acordo coas actuacións de control e supervisión da subvención que se leven a cabo por parte do órgano concedente.

6. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

- Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida) (2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.


(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**




LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

**Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



ANEXO II
MEMORIA DO PROXECTO/PROGRAMA
(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN
NIF

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Descrición do proxecto de investimento con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución (Máximo 15 liñas)

Obxectivos e prioridades. Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados co investimento (Máximo 15 liñas)


Persoas/entidades xurídicas destinatarias e condicións de uso dos investimentos realizados:

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento (Máximo 15 liñas)

**Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Recursos humanos e materiais implicados na execución do proxecto de investimento.

Descrición do investimento realizado (Máximo 15 liñas)

Explicación de como se fixo e se manterá no tempo a difusión e visibilidade da colaboración do Concello no financiamento do investimento obxecto do convenio. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta a realización do investimento, así como unha mostra dos carteis, páxinas web e/ou redes sociais empregadas para a difusión pública da colaboración do Concello no financiamento deste investimento e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Persoa de contacto para realizar consultas sobre a presente xustificación

Nome
Apelidos
Función que desenvolve
Enderezo electrónico
Teléfono


INVTIMENTOS EXECUTADOS. cubrir o seguinte esquema para cada un dos investimentos realizados

NOME:
OBXECTIVO DO INVESTIMENTO (Máximo 5 liñas)
DESCRIPCIÓN (Máximo 15 liñas)
UTILIDADE E PÚBLICOS BENEFICIARIOS DO MESMO.
LUGAR E DATAS DA INSTALACIÓN DO INVESTIMENTO:

Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org




**CONCELLO DE
SANTIAGO**



En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE



CONCELLO DE SANTIAGO



**ANEXO III
XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN**

D. como representante legal de: Entidade beneficiaria: NIF:

CERTIFICO:

1º.- Que o INVESTIMENTO para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado:

- Na súa totalidade
- Parcialmente

INVESTIMENTO:

Datas de adquisición:

Importe de adquisición:

Importe da subvención concedida:

2º.-Que os gastos xerados para a adquisición dos investimentos subvencionados son os seguintes:

CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURAS	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	NIF PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE EN €

RELACIÓN DE FACTURAS

(1) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á sinatura do convenio, segundo o ANEXO I.

(2) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

3º. Que os restantes gastos xerados polo investimento subvencionado foron financiados con cargo a


Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.

Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



4º.- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

- Non ten concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicitou esta subvención.
- Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicitou esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida) (2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución

5º.- Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do investimento realizado, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas ao investimento subvencionado.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.

Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO




SINATURA DA PERSOA RESPONSABLE

Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO

DATOS DA ENTIDADE
NOME OU RAZÓN SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TFNO/S
CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN
NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento d investimento subvencionado obxecto do convenio, , de conformidade co establecido no convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións. **A tal efecto achegase coa memoria se procede reportaxe fotográfica e/ou audiovisual**


Apórtanse como soportes documentais se procede (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla páxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada ad hoc) xustificativos o/s seguinte/s:

- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

**Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.
Concello de Santiago.**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org



CONCELLO DE
SANTIAGO



Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía.

Concello de Santiago.

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.cersiaempresa.org